

TÉCNICAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL

3º-ESO.

Segundo a Orde do 19 de maio de 1997, pola que se regran os programas de diversificación curricular na educación secundaria, no seu artigo 5º.- Organización e horario: punto 3.1., No primeiro ano deberase programar unha materia optativa de tres períodos lectivos semanais, estará deseñada especificamente para estes alumnos e os seus obxectivos deberán ter estreita relación coas capacidades vinculables á iniciación profesional.

En función do anterior o Departamento de Tecnoloxía oferta unha programación para esta materia baseándose nas áreas que se poden impartir e que xa teñen demostrado o seu funcionamento noutros grupos e noutros institutos son: Electricidade doméstica, fontanería, carpintería e xardinería. A programación que se planea enuclease arredor de diversas prácticas que na maioría dos casos estarán realizadas ao mesmo tempo por grupos de 3 alumnos/as.

OBXECTIVOS

- Achegarse ó mundo do traballo e da empresa, e descubrirlas posibilidades que ofrece o campo da electricidade, carpintería, fontanería e xardinería.
- Coñecer e utilizar algúns compoñentes, algunhas ferramentas propias das profesións, as precaucións a adoptar no uso das mesmas e as repercusións ambientais que se derivan, aplicando os coñecementos e procedementos de traballo propios do campo profesional das citadas profesións.
- Identificar, formular e resolver situacións problemáticas, utilizando estratexias de análise e de síntese, e valorando a importancia do traballo técnico e manual.
- Expresarse con linguaxe técnica específica, tanto oral coma escrita, en diversos contextos para comunicar as ideas e decisións adoptadas, apoiándose, cando sexa preciso, no emprego de gráficos e esquemas axeitados.
- Desenvolver a confianza e a capacidade de intervención autónoma en situacións prácticas, tomando conciencia dos propios valores e capacidades, en relación con posibles opcións relacionadas co corpo profesional de que se trate.

DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS.

Os contidos organízanse tendo en conta diversas prácticas, segundo o seguinte cadro:

BLOQUE:	PRÁCTICA:
I.- Instalacións eléctricas domésticas.	1.- Instalación dun punto de luz sinxelo.
	2.- Instalación de lámpadas en paralelo con base de enchufe e timbre.
	3.- Manexo de aparellos de medida eléctrica
	4.- Lámpadas en paralelo con chaves conmutadas.
	5.- Lámpadas en paralelo con chave de cruzamento.
	6.- Instalacións básicas de tubos fluorescentes.
	7.- Preparación de cables de comunicacións: teléfono, redes informáticas e TV.
	8.- Instalación dun termóstato ambiente.
II.- Carpintería.	9.- Realización de unións e madeira.
	10.- Realización dun atril para soporte de lectura.
	11.- Realización de andeis con unións sinxelas.
III.- Fontanería.	12.- Instalacións de accesorios en tobeiras plásticas: PVC e PE.
	13.- Instalación dun difusor de xardinería comandado por unha electroválvula.
IV.- Xardinería	14.- Xardinería de interiores: Implantación de macetas e combinacións en entradas de edificios.
	15.- Realización de rocallas.
	16.- Implantación de cubertas vexetais en balados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Tendo en conta que a materia se vai a organizar na realización dunha serie de practicas por grupos de traballos. Para intentar que os traballos realizados sexan semellantes o entorno profesional moitos deles serán traballos para a dotación do instituto.

Os criterios de avaliación veñen dados en cada práctica:

1.- resultado final: axustes, calidade estética, solidez, etc.

- 2.- proceso de realización: organización temporal e espacial do traballo.
- 3.- iniciativa persoal na realización do traballo, aportación de ideas para a resolución dos problemas.
- 4.- uso das ferramentas axeitadas
- 5.- coidado ás ferramentas.
- 6.- observación das normas de seguridade e hixiene.
- 7.- tempo dedicado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

- As cualificacións numéricas daranse por práctica realizada en cada trimestre.
- Cando se esixa memoria da práctica realizada, a entrega de esta será condición para poder ter puntuación na práctica.
- A cualificación de cada avaliación será a media das cualificacións das prácticas realizadas durante o período.
- Dentro da nota de cada avaliación van incluídos as actitudes demostradas por cada alumno/a durante o traballo práctico.
- Para ter superada unha avaliación terase que ter unha nota igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

- A recuperación das prácticas realizarase mediante algún tipo de traballo escrito que se realizará no seguinte período.
- Ao final de curso farase unha media de tódalas prácticas e traballos realizados, quedando para a convocatoria extraordinaria de setembro os alumnos/as que non acaden un mínimo de 5 puntos.